

COMO AFECTAN OS TRANSXÉNICOS Á AGRICULTURA?

- Os alimentos transxénicos representan un paso máis no **control polas multinacionais** da produción e comercialización dos produtos agrarios: as variedades transxénicas están protexidas por **patentes** e non se pode utilizar a semente que se obtén delas. Extendendo o seu uso amplíase a dependencia das sociedades agrarias destas empresas, perdendo a súa **soberanía alimentaria**.
- Moitas variedades transxénicas baséanse na resistencia a **herbicidas** que logo son intensivamente utilizados nos seus cultivos. As mesmas empresas que fabrican os transxénicos comercializan tamén os produtos fitosanitarios, aumentando o seu control sobre o mercado.
- Os cultivos transxénicos contribúen á **perda das variedades tradicionais** (e gratuitas) das que dependen a maioría dos labregos e labregas dos países en desenvolvemento.
- Son frecuentes os casos de explotacións tradicionais "infectadas" con plantas transxénicas por **hibridación**. As compañías poden demandar a estes produtores/as e acusalos por estar empregando sementes con xenos patentados.
- Os cultivos transxénicos **benefician aos países ricos** en detrimento dos pobres, e dentro dos primeiros, ás explotacións industriais respecto das que practican unha agricultura máis tradicional, moitas das cales veranse obrigadas a abandonar as explotacións.



QUÉ PODO FACER EU?

- **Fixate nas etiquetas** e rexeita mercar produtos que conteñan a lenda "modificado xenéticamente" ou "producido a partir de (ingrediente) modificado xenéticamente".
- Infórmate mediante a **lista Vermella e Verde** (Greenpeace) de que produtos conteñen transxénicos ou son sospeitosos de incorporalos.
- **Merca produtos frescos da terra** e en tempada.
- **Merca produtos ecolóxicos**. Na agricultura e gandería ecolóxica non está permitido o uso dos transxénicos, nin dos seus derivados.
- Se eres produtor/a podes declarar a túa explotación **Zona Libre de Transxénicos**.
- **Infórmate** através da Plataforma Galega Anti-transxénicos de como propor ao teu concello a declaración de Zona Libre de Transxénicos (ZLT). En Galiza, só Lalín (marzo de 2008) tense declarado ZLT.
- **Esixe** á administración que garanta unha **alimentación libre de transxénicos** nos centros públicos e comedores escolares.
- Demanda dos responsábeis públicos unha **etiquetaxe máis estricta** dos produtos que conteñan OXMs ou que usaran transxénicos na súa produción. O obxectivo é a **trazabilidade total**.
- **Colabora** difundindo as iniciativas da Plataforma Galega Anti-transxénicos.

MÁIS PREGUNTAS PARA REFLEXIONAR...

- Quen consultou á poboación se queremos comer transxénicos sen nós saber?
- Quen preguntou aos labregos/as se querían poñer o futuro da súas leiras en mans de grandes multinacionais?
- Por que non se etiquetan convintemente os OXMs se son tan inocuos para a saúde e tan necesarios na loita contra a fame?
- Por que non se aplica o Principio de Precaución se non hai evidencias da súa bondade a longo prazo e mentras acálanse as evidencias de alerxias e os estudos contrarios ao seu uso?



T
R
A
N
S

X

É
N
I
C
O
S



QUE SON OS TRANXÉNICOS?

Os transxénicos, ou organismos xenéticamente modificados (OXM), son plantas ou animais **criados artificialmente** insertando nos seus xenes ADN doutros seres para dotalos de funcións e características que o organismo natural non posuía. Os xenes están formados por cadeas de ADN e neles residen as características que definen ao individuo, que transmitirá ás seguintes xeracións xunto coas modificacións provocadas.

Con técnicas de laboratorio como o bombardeo das células con ADN alleo ou mediante bacterias ou virus, conséguese **insertar nun organismo o ADN doutro**. Deste xeito pódese introducir material xenético de orixe radicalmente distinto (dun virus, bacteris, planta, animal e mesmo ADN humano) á especie orixinal.

A día de hoxe os **produtos transxénicos** máis extendidos son o millo, a colza, a soia e o algodón. Tamén o arroz, os tomates, as patacas, a papaia ou a cabaça transxénica estenden cada vez máis o seu cultivo. Con eles elabóranse alimentos de todo tipo para o consumo humano e animal.

No estado español o principal cultivo transxénico é o **millo**, que está modificado con xenes de bacterias para producir unha substancia insecticida que evite ataques de pragas e conferirle resistencia aos herbicidas.

ONDE ESTÁN OS TRANXÉNICOS?



ALIMENTOS TRANXÉNICOS

Cada vez con máis razón pódese dicir que os transxénicos están por todas partes. Dende 1996 sementáronse en todo o mundo **220 millóns de Ha** de cultivos transxénicos. En **Europa** a difusión dos OXM varía segundo o país. **España** é o estado da UE con maior superficie cultivada con transxénicos, unhas **75.000 Ha** en 2007.

En **Galiza** estánse a realizar cultivos experimentais para avaliar o comportamento do millo transxénico no campo en concellos como **Touro, Mesía, Val do Dubra e Ribeira** (A Coruña), **Castro de Rei e Vilalba** (Lugo) e **Lalín** en Pontevedra. É posíbel tamén que xa se estén cultivando parcelas para a produción comercial de transxénicos no noso país.

Porén, os **OXM** non só están nos campos, tamén están presentes nos **supermercados** e portanto nos nosos pratos. Son moitos os produtos que consumimos diariamente con ingredientes elaborados a partir de soia ou millo transxénicos.

As directivas europeas obrigan ao **etiquetado** destes produtos pero só se as cantidades de transxénicos son **maiores 0,9%** por ingrediente. E non hai obri-

ga de etiquetar peixes, carne ou lacteos de animais alimentados con pensos transxénicos.

Galletas, chocolates, sopas, pastas e un longo etc. conteñen residuos xenéticos de millo ou soia transxénica. A realidade é que estamos consumindo produtos transxénicos sen coñecelo e sen o noso consentimento.

A QUEN BENEFICIAN OS PRODUTOS TRANXÉNICOS?

As grandes **empresas de biotecnoloxía** conseguiron que os OXMs poidesen patentarse como un invento máis. Isto supón que unha compañía faise **dona dun organismo vivo** e o comercializa, cobrando polo seu uso.

MONSANTO, SYNGENTA, NOVARTIS, BAYER... son multinacionais que manexan os OXMs a nivel mundial e que, coa excusa de rematar coa fame no mundo, introduciron de maneira "silandeira" os cultivos transxénicos a gran escala. Deste xeito, conseguen **controlar a agricultura**, dende a distribución de sementes até os herbicidas e pesticidas que se lle botan ás colleitas. E se hai algún problema sanitario, pois tamén comercializan os remedios.

É ben sabido que a **fame** non se debe a falta de alimentos senón ao **mal reparto** destes e ás dificultades da poboación para acceder ás sementes e á terra cultivábel. Deixar o acceso a estas sementes, e portanto aos alimentos, nas mans das grandes empresas transnacionais supón **negar a soberanía alimentaria** dos pobos e condenar á fame a millóns de persoas en todo o mundo.

COMO AFECTAN OS TRANXÉNICOS AO MEDIO AMBIENTE?

O cultivo de variedades transxénicas empobrece a biodiversidade e afecta negativamente a procesos ecolóxicos chave: son auténtico **chapapote xenético**.

- É **imposíbel predecir o comportamento** de xenes alleos en organismos que interaccionan en ecosistemas complexos. Descoñecemos os efectos que a medio e longo prazo poden ter os organismos transxénicos liberados na natureza, xa que o coñecemento científico sobre o funcionamento dos xenes e as súas interaccións é aínda moi limitado.
- As plantas e microorganismos transxénicos poden alterar negativamente a **microflora do chan**. As toxinas que producen os organismos transxénicos degrádanse lentamente convertíndose en partículas do solo, continuando coa súa actividade tóxica. Os efectos a longo prazo das toxinas sobre os microorganismos do chan e a fertilidade son descoñecidos e imprevisíbeis.
- As plantas transxénicas poden **contaminar os cultivos tradicionais** (a polinización cruzada pode acadar distancias de quilómetros) aos que poden pasar

as características insertadas artificialmente, alén de reducir o número de variedades naturais. A coexistencia é, portanto, imposíbel.

- Aceléranse os fenómenos de **resistencia a herbicidas e pesticidas**, facendo necesario incrementar cada vez máis as doses.
- Este emprego masivo de produtos fitosanitarios xunto coas toxinas que producen as variedades transxénicas (antibióticos, por exemplo) aumentan a **contaminación química dos solos**.
- As toxinas producidas polas variedades transxénicas contra determinadas pragas poden **afectar a outros insectos benéficos** e necesarios para a polinización das plantas (por exemplo o millo Bt, resistente ao "taladro" provocou a morte masiva de bolboretas monarca).
- As propias plantas transxénicas poden virar en **invasoras**, en "malas herbas" para os cultivos próximos.



COMO AFECTAN OS TRANXÉNICOS Á NOSA SAÚDE?

- As plantas modificadas xenéticamente producen maiores doses de **substancias tóxicas** aínda en moi pequenas cantidades, presentar restos de herbicidas, ou secretar toxinas e outros compostos en resposta aos herbicidas.
- Poden desenvolverse **alerxias** ás novas moléculas que producen as plantas transxénicas. Nos EE.UU. en 2000 o millo "Starlink" provocou graves casos de reaccións alérxicas.
- Poderían aparecer **novas enfermidades** ou incrementarse a virulencia e agresividade de determinados patóxenos por recombinación xenética nos microorganismos deseñados para atravesar a barreira das especies e usados para producir as plantas transxénicas.
- Os xenes de resistencia a antibióticos (como a ampiciclina, común en medicina veterinaria) que conteñen algúns transxénicos contribúen ao aumento da **resistencia das bacterias** patóxenas a estes antibióticos, e, portanto, fai máis difícil tratar determinadas enfermidades infecciosas.
- Maior presenza de **tóxicos e agroquímicos nos alimentos** debido ao seu uso masivo nos cultivos.

